

AVALIACIÓN INTERNA DO SEGUIMENTO

INFORME FINAL

CURSO ACADÉMICO

2020/21

(PERÍODO AVALIADO: 2014/15 – 2019/20)

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

UNIVERSIDADE DE VIGO

PD EN ANÁLISE ECONÓMICA E ESTRATEGIA EMPRESARIAL

Denominación do título	Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estrategia Empresarial
Código RUCT:	5601126
Universidade responsable	Universidade de Vigo
Centro responsable:	Escola Internacional de Doutoramento (U. Vigo). Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Centros e universidades participantes	Universidade de Vigo (Escola Internacional de Doutoramento), Universidade de Santiago de Compostela (Escola de Doutoramento Internacional), Universidade da Coruña (Escola Internacional de Doutoramento)
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Acreditación	23/07/2014
Curso de implantación	2014/2015
Ciclo avaliado	2014/15 - 2019/20

ÍNDICE

1. VALORACIÓNS E RECOMENDACIÓNS DE MELLORA
 2. SÍNTESE – CONCLUSIÓNS XERAIS
- ANEXO: TABOAS COS ELEMENTOS A VALORAR

1. VALORACIÓNS E RECOMENDACIÓNS DE MELLORA:

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

Criterio 1. Organización e Desenvolvemento

O programa destaca nos seguintes aspectos (puntos fortes): a súa imbricación na estratexia de I+D+i, a elevada demanda en primeira matrícula (IPD2) e a coordinación (avalado polas actas da CAD interuniversitaria).

En todo caso, recoméndase engadir un parágrafo sobre a adecuación do programa á estratexia de I+D+i das universidades galegas.

Recoméndase que na reflexión se faga evidente que se trata dun programa interuniversitario, xa que a redacción crea certa confusión e parece que se trata dun programa da UVigo no que colabora profesorado da USC e da UdC a través de grupos de investigación.

Engadir un parágrafo da adecuación do programa ao nivel 4 do MECES.

O perfil de ingreso no programa mantén a súa relevancia, tal e como se deriva do interese que continúa suscitando a titulación, cunha demanda que duplica á oferta de prazas. A IPD2 (demanda do programa) indica unha demanda en aumento o que leva a valorar a consolidación do programa no panorama doutoral. A tendencia no número de estudantes de novo ingreso é tamén positiva segundo a IPD 3 (estudantes de novo acceso) e as previsións da Memoria. Porén, nada disto se cita no informe.

O número total de estudantes matriculado, segundo o IPD 4 (numero total de estudantes matriculados en 19/20: 159) mostra unha tendencia á alza nas matrículas aínda que hai diferenzas por sedes no número de ingresos desde o seu inicio: Uvigo: 150; USC: 33, e UDC 85.

O programa dispón de mecanismos que controlan o perfil de ingreso do estudiantado, con datos recollidos sobre a procedencia deste e os complementos formativos que resultou necesario cursar, aínda que chama a atención que non se dese ningún caso de estudante con necesidade dun complemento formativo. Este feito vese reforzado por un comentario no informe que afirma “Tivemos/temos exemplos de estudantes excelentes e algunhas experiencias moi negativas xa que algúns deles tiñan no papel un excelente expediente académico (cualificación media “A”, que oficialmente se computa como “sobresaliente 9-10) e que, na realidade, mostran un nivel comparable cos estudantes galegos de bacharelato e, consecuentemente, non conseguen completar o Programa”. Isto amosa a debilidade de contar unicamente co expediente académico como criterio de avaliación dos coñecementos do estudiantado, e quizais deberían propoñerse mecanismos de respaldo para casos extremos.

Cabo destacar como positivo no perfil de ingreso a porcentaxe de estudantes estranxeiros (IPD6) que vai medrando e está moi preto da metade da matrícula no curso 19/20 (pode verse no IPD12). Pola contra, esta cuestión non se cita no informe.

Na información sobre o perfil de ingreso eliminar a referencia aos requisitos suxeridos polos directores de teses (mellor falar dos requisitos do programa).

Engadir unha EPD con criterios específicos de selección e baremo a modo de exemplo e citalo dentro do texto (pode facerse referencia á EPD7 onde están publicados os resultados da avaliación de solicitudes e pode verse a aplicación dos criterios). Ao falar do número de solicitantes e número de admitidos, remitir aos indicadores e evidencias destes datos.

A documentación proporcionada sobre as actividades formativas é completa e detallada, pero límitase a 10 estudantes, o que debería ampliarse. As actividades formativas que constan na EPD4 son unicamente da UVigo. Aclarar se só se imparten actividades formativas na Uvigo, se son comúns a todas as sedes, ou si estas participan tamén na impartición das actividades formativas etc.

Non se informa da distribución de estudantes por liñas de investigación aínda que os datos están na IPD13.

“O número de estudantes de novo ingreso é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación”. Destaca unha liña que acapara case o 40% dos estudantes e detéctanse 4 liñas de investigación cunha porcentaxe de alumnos inferior ó 3% do total nos últimos 5 anos (dúas liñas que non alcanzan o 1% de media do estudantado). Debería considerarse unha avaliación das razóns da falta de atractivo destas liñas.

Débense incluír datos referidos ao perfil de egreso. Mellorar a pertinencia e actualidade do programa vinculándoo non só á demanda de prazas, senón tamén á situación dos seus egresados.

Non hai información de mecanismos de supervisión durante o proceso doutoral pola CAPD. O texto do autoinforme parece dar a entender que a supervisión da CAPD é só para a presentación da tese.

Falta citar EPD4 (evidencias de realización de actividades formativas e sistemas de control) e EPD 5 (informe da avaliación anual da CAPD). Esta última só contén información sobre os documentos de actividades dos doutorandos. Todas elas semellan da UVigo.

Así mesmo, deberían engadirse datos concretos das enquisas de satisfacción.

O parágrafo segundo referido as publicacións dos resultados de investigación resulta un tanto confuso, recomendo a súa revisión.

Algún aspecto debería aclararse mais , como as frases “A dificultade principal céntrase nas esixencias de dedicación requiridas para completar o doutoramento” ; “os alumnos realmente imbricados no programa mostran un alto nivel de satisfacción...” (páx.5)

Ao falar da coordinación interuniversitaria recoméndase citar as evidencias. Falta engadir o Convenio Interuniversitario en vigor (non se debe incluír no apartado de Colaboración con outras institucións)

A colaboración con outras institucións, organismo ou centros é moi positiva como poñen de manifesto os 3 documentos incluídos na EPD 10. Os convenios asinados con institucións estranxeiras e programas de intercambio deron moi bos resultados, con estudantado de intercambio por períodos de tempo curtos e longos.

Débesse explicar a colaboración coas institucións que se mencionan. A maiores poderíanse incluír os convenios que figuran no anexo que permiten a mobilidade. Suxestión como proposta de mellora: Ampliar o convenio da UdC con Ecuador, ou a financiación de Inditex á UdC ao resto das universidades que participan no Programa que evitarían desigualdade de oportunidades entre o alumnado inscrito.

A documentación proporcionada inclúe as actas das reunións da CAPD dos últimos anos, amosando unha grande actividade.

No apartado 1.5 do informe é necesario engadir as referencias ás evidencias que avalan algunhas das afirmacións que se fan. Por exemplo ao xustificar o cumprimento das recomendacións do criterio 6 (recursos humanos) é necesario xustificar a afirmación que se fai con datos. Tamén ao xustificar que se cumpriron as recomendacións do criterio 7 (recursos materiais...) tamén faltan datos sobre o número de estudantes financiados, estranxeiros...

En xeral suxírese unha revisión da redacción e unha harmonización sobre determinados aspectos, como o uso ou non da linguaxe inclusiva. Ademais, é necesario citar e conectar as evidencias e/ou os indicadores que xustifican as valoracións que se realizan.

Tamén se debe aludir ao cumprimento da Memoria.

Puntuación (valoración a título de referencia exclusivamente): B-C

Criterio 2. Información e transparencia

A páxina web do título é intuitiva e de fácil acceso e recolle a información máis significativa do programa. O complemento coa web da EIDO, tanto no que respecto a información como á Calidade, reforza esta info.

A información sobre as características do programa e o seu desenvolvemento é abundante e fácil de localizar, pero os resultados deste, mais aló do número de teses defendidas, non puideron ser localizados.

A información é de fácil acceso, pero a existencia de tres páxinas web (UVigo, Ecobas e unha web propia), cada unha con información diferente pero complementaria, dificulta o proceso de busca de datos e características.

Acceso á información: concretar os resultados de satisfacción con datos.

Na web da UVigo si se menciona o SGC nun apartado propio, pero non así na do Ecobas nin na web propia. En relación coa publicidade do SGC, falta concretar os resultados de satisfacción con datos.

Puntuación (valoración a título de referencia exclusivamente): B

Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade (SGC)

Referido principalmente ó traballo da EIDO, sen nada que comentar.

A Calidade dos programas está centralizada. En calquera caso, debería mencionarse a existencia dun/unha coordinador/a de Calidade do programa.

Valórase positivamente a mención das adaptacións inmediatas da Eido á situación de pandemia para que non se detivera a dinámica formativa.

Puntuación (valoración a título de referencia exclusivamente): A/B

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

Criterio 4. Recursos Humanos

En liñas xerais, recoméndase unha mellora na redacción das reflexións. Realízanse afirmacións moi xenéricas que convén concretar (citar as evidencias, táboas e datos).

O PDI reúne os requisitos, pero na experiencia investigadora quedan algunhas dúbidas. É moi positivo o incremento de sexenios. Este número incrementouse notablemente no Programa. A IPd 15 informa de que o programa pasou de 98 docentes na Memoria a 116 en 2019, pasando as súas sexenios de 162 a 233 (18 docentes novos e 65 novos sexenios). Con todo, descendeu o número de docentes con sexenio vivo que pasou de 70 a 65 (pasando así do 71, 43% a 56,03%). Estes datos non aparecen no informe.

Na UDC, 9 PDI carecen de tramos investigadores, e 5 máis non recibiron ningún nos últimos 10 anos (53% do total de 26 PDI). Na USC 4 PDI carecen de tramos, e 1 máis non recibiu ningún en 10 anos (30% do total de 16 PDI). Recoméndase revisar e completar esta información.

Na UVigo 6 PDI non teñen tramos investigadores, e 16 máis non posúen ningún tramo na última década (30% do total de 74 PDI). Os sexenios vivos do persoal están en claro descenso.

Recoméndase citar a referencia á EPD19 e desagregar os datos, ben por universidades, ben en termos xerais explicando número de docentes e número de sexenios totais no programa.

Non se informa da actividade investigadora dos docentes do programa (EPD19), que é notable, así como dos grupos de investigación (EPD20) nos que se participa. Tampouco das baixas producidas (en caso de habelas) nin das altas, aínda que a IPD15 permite saber que se incorporaron 18 docentes ao programa desde o seu inicio.

Todo parece indicar que os docentes (116) son suficientes en número e dedicación para o número de estudantes inscritos. Os datos relativos a participación en proxectos de investigación e redes son moi positivos. Con todo, destaca unha grande diferenza de carga de estudantes entre liñas de investigación. A L09 (Organización e estratexia da empresa) concentra o 40% das teses e conta con 25 docentes, mentres que a L07 (Métodos cuantitativos) ten o 2,7% das teses e 23 docentes. A L13 (Comercialización e investigación de mercados) ten o 12,6% das teses e só 8 docentes.

Aclarar esta afirmación: “Tamén en moitos casos, o proxecto de investigación inicialmente formulado vese sensiblemente modificado no transcurso do traballo de investigación” (páx. 17).

Recoméndase unificar o procedemento da asignación de dirección da Tese, xa que na páx. 5 se recolle: “O tutor informa ao alumno dos potenciais directores de acordo coas preferencias do alumno sobre as liñas de investigación e, no seu caso, organiza as entrevistas persoais para concretar o compromiso de dirección” e na páx. 17 “o estudante mostra as súas preferencias sobre un tema de traballo e a CAPD proporciona unha lista de posibles directores e facilita o contacto entre eles e o estudante”

Débase citar a normativa de recoñecementos docentes de cada Universidade.

Na páx. 18 recoméndase substituír o concepto de que a financiación para os membros de tribunais estranxeiros é as veces parcial por unha contía limitada.

O indicador IPD16 (Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe teses sobre el profesorado total del programa) está ausente, sendo subido no seu lugar o IPD6 (Porcentaxe de estudantes estranxeiros). A información achegada sobre internacionalización é pobre cando os datos en evidencias demostran que é moi positiva (ex.: preto dun 50% das teses defendidas son Internacionais). A IPD17 constata que o numero de expertos internacionais nas teses defendidas é de 13 (8 en Vigo e 5 na Coruña), non habendo na USC tese con mención internacional e xa que logo expertos internacionais. Malia a falta de teses internacionais na USC trátase dun numero global moi positivo en relación ás teses lidas xa que practicamente alcanza á metade das teses defendidas.

A información e os datos do persoal de apoio non puideron ser localizados.

Os resultados de satisfacción (estudantes, profesorado) non se concretan con datos.

Puntuación (valoración a título de referencia exclusivamente): B/C

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A información que se achega non informe sobre os recursos materiais do programa é moi escasa, o que impide realizar unha axeitada valoración.

Todas as accións de acollida recaen na Universidade. Proposta de mellora: organizar unha propia do Programa

Recoméndase engadir as axudas propias de cada Universidade e o número de estudantes que se beneficiaron delas.

Os enlaces que figuran na páxina 20 relacionadas coas xornadas de benvinda non son adecuados, o primeiro non achega información específica e o segundo está desfasado. Valorar a súa integración.

Non hai ningún comentario acerca da orientación profesional que recibe o estudantado, que é particularmente crítico xa que é dos aspectos peor valorados nas enquisas de satisfacción. A información sobre servizos de orientación límtase á Uvigo, ignorando o acceso a recursos dos estudantes das outras sedes.

Incluír os datos dos resultados de enquisas de satisfacción e comentalos.

Puntuación (valoración a título de referencia exclusivamente): B/C

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

Criterio 6. Resultados do Programa Formativo

En liñas xerais, recoméndase ampliar a información con datos concretos e referencia aos indicadores.

Alcázanse as previsións propostas. Todas as teses defendidas deron lugar a publicacións en revistas indexadas en JCR ou SJR (tal e como se constata nas táboas 4 e 5) .

Os resultados de indicadores académicos cumpren coas previsións iniciais. Léronse 30 teses, delas 28 con sobresaliente *cum laude* sendo cerca do 50% a tempo completo (IPD 18).2 como se estimaba na Memoria. Estes datos cumpren as previsións feitas na memoria, que estimaba un total de 30 teses defendidas o 4º ano desde o inicio do programa.

As contribucións científicas son tamén boas en relación ao previsto na Memoria. Todos os doutorandos que defenderon a súa tese publicaron polo menos un artigo en revista SJR ou JCR (na memoria non entanto fálese só de JCR)

O informe debería explicar os distintos tipos de teses defendidas (por modalidade, dedicación, por liña de investigación etc.), duración media de estudos (IPD18.4).

Non se fala da taxa de abandono.

As estadías previstas na Memoria son de tres meses con carácter obrigatorio para a defensa da tese. Cúmrese esta previsión xa que son 36 os estudantes que realizaron as ditas estadías (IPD9).

Obtivéronse un total de 39 bolsas predoutorais (ningunha da USC).

Na páx. 21 afírmase “Ademais dos requisitos establecidos nas tres universidades para os seus Programas de Doutoramento, a CAPD require...”. Precisar se isto implica que os requisitos son diferentes en función da universidade pola que se estea matriculado.

A información ofrecida sobre a evolución de indicadores segundo o perfil de estudantes é limitada. Só se xustifica a alta internacionalización dos estudantado.

Na páx. 22 non se comprende ben a motivación do alumnado estranxeiro, en concreto, no parágrafo seguinte: “a súa motivación para solicitar a matrícula no Programa así como o seu “background”, é en moitos casos (estudantes procedentes de Oriente medio, África, países do Este de Europa ou de Sudamérica) difícil de comparar cos procedentes de España ou do noso entorno xeográfico. Por esta razón, a porcentaxe de admitidos respecto ás prazas ofertadas variou segundo cada universidade”.

Nesta mesma páxina recoméndase incluír, xunto a porcentaxe de teses lidas en inglés (50%), o resto das porcentaxes, xa que só aparece castelán, galego e portugués (2).

En relación coa satisfacción (estudantado, PDI e PAS), os resultados e a narración cónguense á Uvigo. Da USC poden revisarse datos na EPD 18. Non se alude aos datos da USC nin da UDC (estes últimos non están nas evidencias). Con todo insírese unha frase no AI que di: “Os datos das outras dúas universidades son semellantes”.

Os datos dos resultados das enquisas non están actualizados, en canto a previsión de actualizacións son datas xa en vigor. Resulta complicado analizar estes ítems sen dispor dos datos das enquisas desagregados por PD.

Na páx. 23 indícase: “Os detalles desta programación poden atoparse na documentación da Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020”; se se trata dun acta pública, debe figurar o enlace a esta.

Poderíase destacar que os datos de participación do programa na enquisa de satisfacción (p. 23) do 1º ano son sempre superiores aos da UVigo.

Non se comentan os resultados das enquisas por ítem, quizais debería de facerse unha mención específica en cada un dos criterios. Outra opción é comentar os dous ítems mellor valorados e os dous peor valorados. Fálase dunha poboación moi pequena e de cautela nos resultados desagregados por programas, sen embargo cando se inclúen os índices de participación esta resulta aceptable, especialmente no alumnado de 1º ano que supera sempre o 50%.

Na páx 24 hai unha frase sen rematar: “En 2020....”

No apartado do sistema de QSP só se define, pero non se inclúe ningún dato concreto en relación ao programa.

Tocante á inserción laboral dos egresados, o informe remite a diversas fontes para consultar datos dos egresados da Uvigo (faltan datos das outras Universidades), pero non do Programa do que se di que non participaron na avaliación.

Os datos do IPD20, empregabilidade dos egresados, refírense ao conxunto da Uvigo, non ao programa de doutoramento. Non hai información das outras dúas sedes. Na Memoria prevese un 50% de contratos posdoc.

A información que se ofrece na páxina 26 é pouco concreta: “Pola información recollida dos egresados, todos eles están en situación de “ocupados” como doutores. Os egresados a partir do curso 2016/17 están contratados en distintas universidades ou en institucións europeas. Algúns deles que xa eran profesores en universidades e consolidaron o seu posto. Os máis recentes conseguiron contratos provisionais e están á espera de bolsas ou contratos pos doctorais”; recoméndase, na medida do posible, concretar en porcentaxes.

Puntuación (valoración a título de referencia exclusivamente): A/B

2. SÍNTESE – CONCLUSIÓNS XERAIS:

O programa de doutoramento funciona ben. Ten unha elevada demanda e está avalado por ECOBAS, unha agrupación estratéxica que está a transformarse nun centro de investigación.

A documentación achegada e o informe supoñen, en xeral, unha reflexión sobre o estado do PD e o seu futuro. Os poucos aspectos mellorables radican fundamentalmente na estrutura da información transmitida ao estudiantado e na organización do PDI, pero os obxectivos mínimos son acadados en tódolos casos.

Tamén é destacable a lectura de teses doutorais acorde coas previsións feitas, superando as contribucións destas e o conxunto de PDI do Programa: é un equipo amplo, que lidera proxectos de investigación, participa en redes e fai estadías de investigación.

o Informe mostra que o funcionamento e coordinación do programa é moi positivo, funcionando como un programa único malia as posibles problemas que afronte (derivadas por exemplo dos distintos calendarios de cada sede).

Por contra, o informe contén mais alusións á UVigo, pero ao ser un título conxunto interuniversitario deberían incluírse máis referencias á USC e á UdC, en cada unha das epígrafes.

Tamén, realízanse moitas afirmacións xenéricas e valoracións que non se sustentan en datos, nin en evidencias nin en indicadores; cómpre empregar datos para confirmar as ditas argumentacións. Os datos achegados nas EPD e nos IPD son incompletos, ás veces só se refíren á Uvigo e ás veces a todos os programas de doutoramento da UVigo

Por exemplo, logo de ler o autoinforme non se sabe cantos alumnos hai matriculados no programa nin cantos docentes ten este. Hai que ir ao detalle das evidencias e indicadores para obter esa información.

Alguns datos, como os de determinados indicadores (ex.: taxa de abandono) ou referidos á situación do PAS do PD, están ausentes.

O informe necesita, en xeral, unha revisión na súa redacción, as veces é confusa e moitas non hai concordancia entre os artigos e os substantivos. Tamén debe optar, de xeito unificado, se se serve da linguaxe inclusiva ou non.

Outro aspecto recomendable é que se fagan máis alusións ao contido da memoria, como se fai na páx. 21. Nalgunhas comprobacións o programa está seguindo as directrices marcadas nesta, pero considérase necesario revisar e constatar este aspecto.

O problema co descenso no número de sexenios vivos pode deberse a que na táboa de PDI, os datos dos docentes da Coruña están incompletos. É posible que o problema en sexenios vivos estea en parte motivado polo número de docentes dos que non hai información sobre os seus sexenios (parece pouco crible que varios CU non acheguen ningún sexenio).

Non hai información contrastable da satisfacción de PDI, PAS e estudantes das tres universidades.

Todos os datos de satisfacción refírense só a Uvigo, cando as outras sedes dispoñen deles, aínda que sexan incompletos.

No plan de melloras, todas as accións dependían da dirección da Eido, sen embargo nas páx. 7 e 8 se recollen tres recomendacións de mellora incluídas no informe de verificación, que tamén se deberían incluír.

Recoméndase realizar unha proposta de mellora dirixida a garantir a obtención e a análise da satisfacción dos estudantes, pdi e pas das tres sedes.

Ademais, realizar unha proposta de mellora dirixida a analizar a situación dos egresados do programa.

Validado pola Comisión de Calidade da EIDO da Universidade de Vigo o día
21 de decembro de 2021

ANEXO: TABOAS COS ELEMENTOS A VALORAR

Cada un dos apartados valorarase de acordo a estes catro niveles:

- **Superase excelentemente (A).** O estándar correspondente ao criterio lograse completamente, ademais, é un exemplo que excede os requirimentos básicos.
- **Se alcanza (B).** O estándar correspondente ao criterio lograse completamente.
- **Se alcanza parcialmente (C).** Lograse o estándar no mínimo nivel pero detéctanse aspectos puntuais que deben ser mellorados.
- **Non se alcanza (D).** O criterio non logra o nivel mínimo requirido para chegar ao estándar correspondente.

As valoracións **A** considérase puntos fortes. As valoracións **C** ou **D** requirirán recomendacións de mellora.